



## **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

### **SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 23 DE FEBREIRO DE 2018**

#### **ASISTENTES:**

##### **Alcalde- Presidente:**

D. José Luis Oujo Pouso.

##### **Concelleiros:**

D. José Manuel Deán Pouso.

D. Antonio Romero Ribeiro.

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Magdalena Pérez Millares

##### **Secretario:**

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as 11:40 horas do día **23 de febreiro de 2018**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión extraordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

#### **1.- APROBACIÓN DE ACTAS.**

1.1.- Acta do 2 de febreiro de 2018.

#### **2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

2.1.- Prórroga de licenza de obra. Expediente 53/2017.

2.2.- Licenza de obra. Expediente 244/2017.

2.3.- Licenza de obra. Expediente 248/2017.

2.4.- Comunicacions previas de obra.

#### **3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

3.1.- Trámite de audiencia en procedemento de reposición da legalidade urbanística.

#### **4.- OUTROS ASUNTOS.**

4.1.- Alegacións á solicitude de modificación do ámbito territorial da Confraría de Pescadores de Noia.

#### **5.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.**



## **1. APROBACIÓN DE ACTAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente á sesión extraordinaria do 2 de febreiro de 2018.

## **2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.**

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoiñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a



construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

**10/** De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

**11/** No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**12/** Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: "*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*

**13/** Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

## **2.1) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 53/2017**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

"A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada por resolución da Alcaldía- Presidencia nº 195 de data de 22/06/2011.

Vista a instancia presentada por **D. A\*\***, con rexistro de entrada nº 7407 de data de 30/11/2017, solicitando a concesión dunha prórroga no prazo de inicio da obra de construción dunha vivenda unifamiliar concedida a D<sup>a</sup>. C\*\* pola Xunta de Goberno Local o 25/05/2017 (expte. 53/2017).

Considerando que o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), sinala que "*no acto de outorgamento da licenza de edificación se determinarán os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas. No seu defecto o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses*".

*2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado*".

**ACORDA:**



**PRIMEIRO.-** Conceder a D. A\*\* unha prorroga de seis meses para o inicio das obras autorizadas o 25/05/2017 pola Xunta de Goberno Local (expte. 53/2017).

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicable.”

## **2.2) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 244/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que a comunidade de propietarios do edificio Playa do Cruceiro solicitou en data 25/10/2017 (r.e. 20179990000099) licenza municipal para “**instalación de dous ascensores**” no edificio situado na Rúa da Igrexa, 46-48 de Porto do Son, coa referencia catastral 0206822NH0300N, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto técnico D. E\*\* de data outubro de 2017 (visado VN17003146/ VN17003148).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **244/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 07/02/2018 e o informe de Secretaría de data 22/01/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a comunidade de propietarios do edificio Playa do Cruceiro licenza municipal para “**instalación de dous ascensores**” no edificio situado na rúa da Igrexa, 46-48 de Porto do Son, coa referencia catastral 0206822NH0300N, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto técnico D. E\*\* de data outubro de 2017 (visado VN17003146/ VN17003148), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

#### **Clasificación urbanística do solo:**

Segundo o plano nº Serie O-3, folla 13-J do PXOM, o edificio atópase na súa maior parte en **Solo urbano, ordenanza 3 de edificación semiintensiva (ES)**, e unha pequena parte ao norleste está incluída no ámbito do PEZL-03.

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto a) establece que *Ao solo urbano, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.*

#### **Condicións Particulares:**

- As obras axustaranse ao Proxecto básico e de execución de “rehabilitación funcional-mellora de accesibilidade- do edificio Playa do cruceiro”, sito en rúa da Igrexa, nº46-48, Porto do Son, asinado polo arquitecto técnico D.E \*\*, colexiado número 2.633, visado co número VN17003146 en data 05.02.2018. No prazo de tres meses, e en todo caso, con carácter previo ao inicio das obras, deberá presentar os planos de estruturas modificados visados, axustados ás condicións volumétricas que se modifican en base á documentación técnica presentada con visado de data 24.11.2017

- No caso que durante a execución das obras prodúzanse danos na vía pública, esta repoñerase ao estado no que estaba antes do inicio das mesmas.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de salubridade, seguridade e medioambientais de aplicación.
- Con carácter previo ao inicio das obras, presentarase oficio de nomeamento de dirección de obra, dirección de execución e coordinador de seguridade e saúde.
- Con carácter previo ao inicio das obras, presentarase estudo básico de seguridade e saúde.

**SEGUNDO.-** Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
30.169,65 euros	2%	603,39 euros	Taxa pagada	77,50 €	601,31 euros
			Taxa definitiva	75,42 €	
			<b>Liquidación</b>	<b>-2,08 €</b>	

**CUARTO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**QUINTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### **2.3) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 248/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. P\*\* solicitou en data 02/11/2017 (r.e 6828) licenza municipal para “**parcelación**” dunha finca situada no lugar de Grande Maior, s/n – San Pedro de Muro, coa referencia catastral 000300600MH91H0001QM, segundo o proxecto de parcelación redactado polo arquitecto técnico D. A\*\* de data outubro de 2017.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **248/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 07/02/2018 e o informe de Secretaría de data 22/02/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

**ACORDA:**



**PRIMEIRO.-** Conceder a D. P\*\* a licenza municipal solicitada para “**parcelación**” da finca situada no lugar de no lugar de Grande Maior, s/n- San Pedro de Muro, coa referencia catastral 000300600MH91H0001QM, segundo o proxecto de parcelación redactado polo arquitecto técnico D. A\*\*, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

**Clasificación urbanística do solo:**

Segundo o plano nº Serie O-3, folla 35-F do PXOM, a parcela que se pretende parcelar está clasificada como **solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 4.**

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto c) establece que *Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

**Condicións urbanísticas das parcelas:**

Finca matriz:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m <sup>2</sup>	3.111,00m <sup>2</sup>
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Coincidente coa aliñación do PXOM
Fronte mínima	15m	87,00m
Edificabilidade	0,20m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,10 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Ocupación	20%	7,5%
Recuamento	3m a lindeiros	>3m

Fincas resultantes:

Parcela primitiva resultante (edificada):

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m <sup>2</sup>	1.603,00m <sup>2</sup> (redondéase de 1602,7m <sup>2</sup> )
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Segundo aliñacións do PXOM
Fronte mínima	15m	63,30m
Edificabilidade	0,20m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,19 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Ocupación	20%	15%
Recuamento	3m a lindeiros	>3m

Parcela segregada 3 (vacante de edificación):

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	1.200m <sup>2</sup>	1.509,00m <sup>2</sup> (redondéase de 1.508,6m <sup>2</sup> )



Aliñacións	<i>As grafitadas nos planos escala 1:2000</i>	Segundo aliñacións do PXOM
Fronte mínima	<i>15m</i>	23,60m

Cesión a viario:

Non procede cesión

**SEGUNDO.-** Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Taxa de tramitación	
Taxa pagada	373,32 €
Taxa definitiva	373,32 €
<b>Pendente de pago</b>	<b>00,00 €</b>

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.”

## **2.4) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.**

### **2.4.1- Expediente nº 66/2016.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup>. S\*\* o 31/03/2016 (r.e. 1836) para realizar obras de **“colocación de plaqueta na acera diante da casa e no garaxe”** na parcela situada no lugar de Eiravedra – Miñortos, con referencia catastral 3928903NH0332N0001EU.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
4.740,00 euros	2%	<b>94,80 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### **2.4.2.- Expediente nº 176/2016.**



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup>. D<sup>\*\*</sup> o 29/07/2016 (r.e 5126) para realizar obras de “**substitución do acabado de cuberta da fachada traseira**” no inmovible situado na rúa Montevideo, 2 – Porto do Son, coa referencia catastral 9806510MH9390N0001YM.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.960,00 euros	2%	<b>39,20 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.3- Expediente nº 113/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. B<sup>\*\*</sup> o 14/06/2016 (r.e. 3928) para realizar obras de “**substitución do acabado de cuberta e colocación dun contador de auga na fachada**” da vivenda situada rúa de Montevideo, 10 – Porto do Son, coa referencia catastral 9806514MH9390N0001LM.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
5.483,01 euros	2%	<b>109,66 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.





**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.4- Expediente nº 136/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup>. I\*\* o 28/06/2016 (r.e. 4435) para realizar obras de “**cambiar tella na galería**” da vivenda situada na rúa Atalaia, 28 – Porto do Son, coa referencia catastral 9506503MH9390N0001JM.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
803,00 euros	2%	<b>30,05 euros (mínimo)</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.5- Expediente nº 220/2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup>. S\*\* o 13/09/2016 (r.e. 6040 para realizar obras de “**restauración de fachada de madeira e tratamento da mesma**” na vivenda situada no lugar de Abuín, 65 – Baroña coa referencia catastral 15072A010011350001AR.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.096,42 euros	2%	<b>30,05 euros (mínimo)</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a

correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.6- Expediente nº 164/2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. L\*\* o 28/07/2016 (r.e. 5031) para realizar obras de “**acometida de auga de 80 m de lonxitude ata finca para executar a obra do expediente 112/2016**” na parcela situada en As Laxes, s/n- Noal, Porto do Son, coas referencias catastrais 15072A501050790000OP- 15072A501050800000OG- 15072A501050810000OQ.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
200,00 euros	2%	<b>30,05 euros (mínimo)</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.7- Expediente nº 277/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por Unión Fenosa Distribución o 20/02/2018 (r.e. 992) para realizar obras de “**canalización de rede de baixa tensión soterrada para subministración de electricidade**” na parcela situada no lugar de Freixedo, 19, s/n- Goiáns, coa referencia catastral 4337509NH0343N0001JT.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:



Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
527,11 euros	2%	<b>30,05 euros (mínimo)</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.8- Expediente nº 12/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup> E\*\* o 24/01/2018 (r.e. 473) para realizar obras de “**instalación de piscina prefabricada**” na parcela situada no lugar de Seráns, s/n – San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A033010160000PX.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
9.843,37 euros	2%	<b>196,87 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.9- Expediente nº 15/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup> M\*\* o 02/02/2018 (r.e. 666) para realizar obras de “**reparación/ substitución de material de cuberta, reparación fachada a base de panel de chapa para evitar filtracións e saneamento de cerchas metálicas**” na vivenda situada no lugar de As Laxes, s/n – Noal, coa referencia catastral 001200900NH03A0001SH.



**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.085,12 euros	2%	<b>61,70 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.10- Expediente nº 16/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D<sup>a</sup> M\*\* o 07/02/2018 (r.e. 771) para “**acometida de saneamento**” na vía pública situada entre a Rúa Montevideo, 25 e a Rúa Méndez Núñez – Porto do Son, coa referencia catastral 9805802MH9390N0001FM.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
400,00 euros	2%	<b>30,05 euros (mínimo)</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### 2.4.11- Expediente nº 18/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D V\*\* o 06/02/2018 (r.e. 754) para realizar as obras de “**colocación de tella do pais sobre**



**“cuberta existente e pintado de fachada”** na vivenda situada no lugar de Alboreda, 14 – San Pedro de Muro, coa referencia catastral 001304400MH91H0001JM.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.380,00 euros	2%	<b>47,60 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### **2.4.12- Expediente nº 19/2018**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D B\*\* o 12/02/2018 (r.e. 848) para realizar obras de **“pasteado e pintado de dúas habitacións e pasillo”** da vivenda situada no lugar de Cans, 14- Nebra, coa referencia catastral 000400500NH03A0001BH.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.400,00 euros	2%	<b>30,05 euros (mínimo)</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### **2.4.13- Expediente nº 21/2018**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**



**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D J\*\* o 14/02/2018 (r.e. 873) para realizar obras de “**limpeza de fachadas para pintar e limpeza de cuberta**” na vivenda situada na rúa David Mariño Ramos, 36 – Portosín, coa referencia catastral 4744001NH0344S0001TU.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.000,00 euros	2%	<b>60,00 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

#### **2.4.14- Expediente nº 23/2018**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. M\*\* o 2002/2018 (r.e. 1003) para realizar obras de “**substitución de 5 m de canle**” da vivenda situada na rúa Contiña, 22 – Porto do Son, coa referencia catastral 9805401MH9390N0001SM.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
130,00 euros	2%	<b>30,05 euros (mínimo)</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

### **3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

### **3.1) TRÁMITE DE AUDIENCIA EN PROCEDIMIENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que a Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada mediante o decreto da Alcaldía- Presidencia nº 406/2015, do 18 de xuño.

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local do 23/03/2017 se resolveu iniciar expediente de reposición da legalidade urbanística a D. A\*\* polas obras de construción dunha nave destinada a almacén sen autorización municipal, na parcela situada no lugar de Carrapatal, 37 – Xuño, con referencia catastral 001802700MH92B0001SO.

Visto que o anterior acordo se lle notificou ao promotor das obras o 06/04/2017 e que durante o prazo outorgado para alegacións o interesado comunicou que solicitaría a legalización das obras executadas, presentando o correspondente proxecto de legalización.

Visto que o 27/07/2017 (r.e. 4883) D. A\*\* solicitou licenza municipal para a legalización das obras cuxa execución sen título habilitante motivara o inicio do procedemento de reposición da legalidade urbanística, achegando expediente de legalización redactado pola arquitecta D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. \*\*, de data xullo de 2017, (visado COAG núm. 1704424.6 do 20/07/2017).

Visto que o 06/02/2018 os servizos técnicos municipais emitiron informe, en relación cos procedementos de solicitude de licenza de obra de legalización das obras xa executadas (expte. 175/2017) e de reposición da legalidade urbanística, no que se fai constar:

“**Informo:**

#### **Obxecto da solicitude:**

Preséntase solicitude de legalización de nave con uso almacén en solo clasificado no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Núcleo Rural, tipo básico Común, Grao 2.

Con data 01.02.2018, levouse a cabo visita de inspección para comprobar as obras executadas.

#### **Clasificación urbanística do solo:**

Segundo o plano nº Serie O-3, folia 33-F do PXOM, a parcela na que se empraza a edificación está clasificada como **Solo de núcleo rural de tipo básico Común de grao 2.**

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto c) establece que *Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

#### **Condições de ordenación da edificación en solo de Núcleo Rural Común de Grao 2:**

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Fronte de parcela	9m	> 60,00m
Superficie de parcela	600m <sup>2</sup>	1.319,00m <sup>2</sup>
Edificabilidade	0,35m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,33 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Ocupación	40%	27,22%
Liña de edificación	≥ 4m dende aliñación	4,45m
Aliñación	s/plano	S/plano PXOM
Recuado a lindeiros	3m	1,15m
Altura máxima sobre rasante	7m	6,30m
Altura máxima permitida	8m	6,30m
Altura máxima do cumio	3,60	Cuberta plana
Pendente máxima da cuberta	35º	Cuberta plana
Superficie de cesión	Segundo aliñación	Non procede
Superficie máxima edificable	300m <sup>2</sup> para uso principal	<300,00m <sup>2</sup>

### **Observacións:**

Primeiro.- En base ao artigo 42 do anexo do PXOM para a tramitación de licenzas e documentación, o expediente está incompleto xa que falta a *Escritura pública de propiedade do terreo*.

Segundo.- En base ao artigo 48 do anexo do PXOM para a tramitación de licenzas e documentación, o expediente está incompleto xa que falta *Certificado de antigüidade da edificación, Certificado do cumprimento das condicións acústicas, Boletíns dos instaladores (electricidade)*, ademais, *A memoria debe estar redactada en pasado; O resume económico denominarase valoración e non orzamento*.

Terceiro.- Recuado ou separación a lindeiros (punto 7.2.2 do PXOM).

As edificacións exentas recuarán polo menos 3m dos lindes das parcelas lindeiras. Este recuado mínimo terá que ser respectado por toda a edificación.

No caso de existiren xa medianeiras nalgunha das parcelas laterais, será forzoso tapalas mercé ao correspondente arrimo da edificación, ou escamotealas con arborado tépedo, ou calquera outro procedemento que evite a permanencia do impacto.

No caso que nos ocupa, a edificación que se pretende legalizar está situada a unha distancia aproximada de 1,15m do lindeiro, polo que non cumpre as condicións de recuamento esixidas pola ordenanza.

No expediente de legalización presentado, propónse levar a cabo as obras consistentes na execución de dous muros laterais a media altura e unha cuberta de chapa anexos á nave e ao lindeiro, co fin, tal e como di a memoria do proxecto, de conseguir que a nave estea adosada a unha edificación sita na medianeira da parcela lindeira.

A execución das obras descritas conformarían un espazo independente da nave existente ao que non se lle atribúe uso algún.

Preténdese facer que a nave existente cumpra coa condición de acaroado á edificación existente na parcela lindeira mediante a adición do volume anteriormente descrito, o que aínda que fora unha ampliación da nave que se pretende legalizar (que non o é), tampouco se cumprirían as condicións de





recuamento que dispón a ordenanza, que obriga a situar a edificación a 3m do linde salvo en zonas que poda acaroar a medianeiras existentes. Quedarían zonas da nave tanto en planta como en altura que non cumprirían nin as condicións de recuado de 3m nin as de acaroado.

Por outra banda, no proceso de verificación dos datos técnicos do proxecto observouse que a edificación sita na parcela colindante non sae nas ortofotos do ano 2013, polo que sería posterior. Consultadas as bases de datos que obran no Concello, non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, que dita edificación conte título habilitante. No caso de non contar con licenza estarase ao disposto no artigo 153 da LSG.

#### Cuarto.- Condicións estéticas e tipolóxicas (4.7.9)

Segundo o disposto no artigo 4.7.9.4 os edificios destinados a uso almacén en solo de núcleo rural deberán adaptarse en calquera caso ao disposto para as condicións de materiais, tipoloxías, fachadas e cubertas especificadas no capítulo 4.7.9 para os núcleos rurais. A construción que se pretende legalizar ten tipoloxía de nave, que rompe e non harmoniza cos patróns arquitectónicos de carácter privado da zona en canto a volume, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocos, cubertas, materiais, cores e formas construtivas.

Na memoria do expediente de legalización preténdese xustificar a adaptación ao entorno por comparación coas instalacións do colexio, pero neste caso trátase dun equipamento público, para os cales o artigo 4.7.9.6 do PXOM establece a excepcionalidade ao cumprimento das condicións tipolóxicas, polo que non sería comparable coa edificación que nos ocupa.

Respecto á xustificación do artigo 91 da LSG, recoñécese que a tipoloxía do almacén non se corresponde coa das vivendas situadas no contorno, como así é. Pretende xustificar a tipoloxía asimilándoa á do colexio, o cal como xa se expuxo no parágrafo anterior non procede, xa que no caso que nos ocupa non estamos falando dun equipamento.

#### Quinto.- O proxecto non xustifica as condicións de uso Industrial do PXOM.

Non cumpre as condicións de protección contra incendios.

O uso almacén está incluído na definición do uso Industrial (art.4.8.11 do PXOM), e a ordenanza de solo de núcleo rural permite o uso industrial categoría 1ª en situación B e C e categoría 2ª en situacións B,C e D. Segundo isto, está permitido o uso de almacén en edificación exclusiva en solo de núcleo rural, cunha superficie inferior a 200m. Non obstante, a propia definición da situación "C" distingue entre o solo urbano e urbanizable onde se poden levantar naves ou edificios destinados a este uso, e o solo de núcleo rural para o que non menciona as naves, senón unicamente edificacións exclusivas.

Con isto, e si temos en conta que o artigo 26 da LSG establece como actuacións incompatibles en solo de núcleo rural as naves industriais, entendemos que está permitido o uso ao que se destina a nave que se pretende legalizar, pero non así a súa tipoloxía. Cuestión que concorda co exposto no apartado anterior.

Conclusión:

Na opinión da técnico que subscribe, non e posible informar favorablemente o expediente de legalización presentado en base ao exposto no apartado de observacións do presente informe.



Considerando que, segundo dispón o art. 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) antes da resolución do expediente se dará audiencia ao interesado.

**ACORDA:**

Outorgar aos interesados trámite de audiencia, por un prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao de recepción da notificación deste acordo, a fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes ao seu dereito.”

## **4. OUTROS ASUNTOS.**

### **4.1) ALEGACIÓNS Á SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE NOIA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Visto que as polas confrarías de pescadores de Porto do Son e Portosín solicitaron o apoio do Concello de Porto do Son ás alegacións que formularon á solicitude de modificación do ámbito territorial da Confraría de Pescadores de Noia, e que son do seguinte teor:

*“Tendo coñecemento dos acordos adoptados pola Xunta Xeral da Confraría de Noia na súa xuntanza do día 21 de xullo de 2017, sobre a modificación dos estatutos da mesma, mediante a que se pretende modificar o ámbito territorial para que este sexa o comprendido entre “Praia de Boa Grande, O Cabalo ( límite xeográfico dos concellos de Noia e Porto do Son), ata Punta Uhía”; os representantes das entidades abaixo asinantes (Confraría de Porto do Son, Confraría de Portosín e Concello de Porto do Son), non estando de acordo con dita modificación, presentan as seguintes alegacións ao respecto:*

**Primeira.-** *O capítulo II do decreto 8/2014 de 16 de xaneiro, da Consellería de Medio Rural e do Mar, regula o ámbito territorial das confrarías, que comprende o espazo delimitado do litoral onde estas entidades exercerán as funcións citadas no capítulo anterior e se describe o proceso a seguir no caso de alteración dos límites dun ámbito territorial. Así mesmo, régúlase a constitución da comisión de arbitraje, que deberá resolver aqueles casos nos que non exista acordo polo reparto dos límites dun ámbito territorial.*

*En tal sentido no artigo 9.3 do citado decreto establece que:*

*“A alteración do ámbito territorial dunha confraría requirirá o acordo maioritario das xuntas xerais de todas as confrarías implicadas, que deberá ser aprobado pola consellería competente en materia de pesca.*

*De non conseguirse acordo, a instancia dunha das xuntas xerais das confrarías implicadas, a consellería designara unha comisión de arbitraje que previa audiencia ás confrarías implicadas, elevará proposta de resolución á persoa titular da consellería competente en materia de pesca.”*

*Polo tanto á vista da solicitude da Confraría de Noia, resulta que non se cumpriron, ou non se ten coñecemento, os preceptos establecidos no Decreto 8/2014, polo que se regulan as confrarías de Pescadores de Galicia e as súas federacións, pois non existe o acordo maioritario das confrarías implicadas, e de momento, que nos saibamos, non foron destinados por parte da Consellería do Mar, a comisión de arbitraje ao respecto, tal e como establece o citado decreto.*



**Segunda.-** *Son evidentes as pretensións da Confraría de Noia coa modificación do seu ámbito territorial que propón, pois consideramos que se pretende con dita medida, prexudicar no acceso aos permisos de explotación de marisqueo a pé e dende embarcación as persoas que por pertencer ao Concello de Porto do Son, á hora de participar na baremación para o outorgamento dos citados permisos, sempre van ter menos puntuación que aquelas outras persoas que pertencen ao Concello de Noia.*

*Elo causaría graves prexuízos sociais e económicos as persoas do Concello de Porto do Son, que quixeran ter acceso ao permiso de explotación para desenrolar a actividade marisqueira no ámbito da Confraría de Noia, amén da desigualdade e agravio que se crearía dentro do propio sector e do acceso ao emprego aos cidadáns de Porto do Son, dereito inalienable de toda persoa.*

*Cabe recordar, que dende tempos inmemoriais, os pescadores e mariscadores/as das Confrarías de Porto do Son e Portosín, sempre realizaron a súa actividade marisqueira nos bancos naturais outorgados por autorización administrativa á Confraría de Noia, colaborando e contribuíndo deste xeito ó desenrolo local coas súas aportacións económicas e sociais.*

*Dende sempre fixéronse así as cousas e sempre estivo delimitado o ámbito territorial do mesmo xeito, polo que non entendemos que se pretenda agora realizar a modificación que nos ocupa, a non ser que sexa coas intencións que todos sospeitamos, as de marxinar as persoas do Concello de Porto do Son para que teñan menos ou ningunha opción de obter o permiso de explotación para o marisqueo.*

*E tamén por elo, que estas Confrarías de Pescadores están totalmente en contra da modificación do ámbito territorial da Confraría de Noia.*

**Terceira.-** *Finalmente cabe recordar a existencia dende fai anos, dun plan de explotación conxunto da navalla- longueirón, entre as Confrarías de Porto do Son e Portosín, que se desenrola con absoluta normalidade dentro dos ámbitos territoriais de ditas confrarías, chegando ao límite do ámbito da confraría de Noia (Punta Batuda), sen que elo cause problema algún e menos que supoña un cambio de ámbito territorial que pretende dita entidade.*

*Polo todo o anteriormente exposto,*

**SOLICITO:**

1.- *Que se teñan por presentadas en tempo e forma as presentes alegacións a proposta de modificación do ámbito territorial da Confraría de Pescadores de Noia para que este sexa o comprendido entre “ Praia de Boa Grande, o Cabalo (límite xeográfico dos concellos de Noia e Porto do Son), ata Punta Uhía.*

2.- *Informase que por parte das entidades abaixo asinantes, estase totalmente en contra da modificación do ámbito territorial da Confraría de Pescadores de Noia, polo exposto nas alegacións anteriormente citadas.*

3.- *Que pola Consellería do Mar non se autorice a modificación do ámbito territorial que solicita la Confraría de Pescadores de Noia, pois son evidentes os obxectivos que se pretenden coa mesma que xa temos relatado, conducentes a imposibilitar o acceso aos permisos de explotación de marisqueo a pé e a flote, as persoas que teñen a súa residencia no Concello de Porto do Son, condicionándoos a ter sempre menor puntuación na baremación a non ter o seu domicilio no Concello de Noia.”*



Considerando que os concellos representan os cauces inmediatos para a participación dos cidadáns nos asuntos públicos (art. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) e que a defensa do sector pesqueiro e marisqueiro debe constituír unha prioridade para o Concello de Porto do Son xa que se erixe como un dos sectores de actividade con maior incidencia económica e social na vida municipal, estímase conveniente apoiar ás confrarías de Porto do Son e Portosín na defensa dos intereses que lles son propios.

Visto canto antecede, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Apoiar ás confrarías de Porto do Son e Portosín na súa solicitude para que non se modifique o ámbito territorial da Confraría de Noia, e facultar ao Alcalde- Presidente para a sinatura do escrito de alegacións elaborado polas confrarías do Concello de Porto do Son.

**SEGUNDO.-** Elevar ao Pleno da Corporación o escrito de alegacións á solicitude de modificación do ámbito territorial da Confraría de Pescadores de Noia elaborado pola confrarías de pescadores de Porto do Son e Portosín, a fin de que poida manifestar o seu apoio ás demandas das confrarías de pescadores do concello neste asunto.

## **5. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.**

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **12:00 horas**, do día **23 de febreiro de 2018**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García.